

Febreiro 2018

## Tras as reclamacións da CIG-Ensino a Consellaría aumenta en máis de 200 as prazas para a adxudicación provisional do Concurso Xeral de Traslados

O número de prazas segue sendo insuficiente para rematar coa grande provisionalidade do profesorado galego.

Mestras e mestres			
Especialidade	Vacantes Provisionais CXT	Adx. Provisional	Diferenza
597031- Educación Infantil	80	76	-4
597032- Idioma Extranxeiro Inglés	33	36	3
597033- Idioma Extranxeiro Francés	138	136	-2
597034- Educación Física	63	66	3
597035- Educación Musical	70	70	0
597036- Pedagogía Terapéutica	18	51	33
597037- Audición e linguaxe	19	29	10
597038- Educación primaria	283	284	1
	704	748	44

noso estudo, no que descubrimos un colchón de **2.932 prazas en situación de provisionalidade e 123 centros nos que o desfase entre as prazas provisionais e vacantes do CXT é igual ou superior a 10 prazas.**

Este desfase, moito maior en secundaria que en primaria, fai máis que evidente a necesidade duns cadros de persoal en secundaria, tal e como existen en primaria.

Desde a CIG Ensino congratulámonos de que tivese resultado o traballo desenvolvido en colaboración cos centros e co profesorado galego de cara a descubrir todas as prazas que ano tras ano a Consellaría saca de forma provisional no Concurso de Adxudicación de Destinos Provisionais, no lugar de sacalas de forma definitiva para o Concurso Xeral de Traslados.

O incremento de prazas, aínda que insuficiente, non deixa de ser destacábel. Falamos de **44 prazas de primaria**, maioritariamente de **Pedagogía Terapéutica e Audición e linguaxe**, aínda que nós reclamabamos **256 prazas**. En **secundaria** (ver táboa na outra páxina) o aumento é máis numeroso, falamos de **186 prazas**, pero tamén era maior o número que saía do

Desde a CIG Ensino temos clara que a solución á provisionalidade, así como un gran chanzo na mellora do sistema educativo galego, pasa pola recuperación dunha xornada lectiva de 18 sesións en secundaria, FP, EOI e ensinanzas de réxime especial e de 21 sesións en Infantil, Primaria e EE, no camiño de acadar os 18 períodos lectivos para todo o profesorado.

Así mesmo, como vimos reclamando reiteradamente e acabos de incluír na nosa campaña de recollida de sinaturas para recuperar os dereitos perdidos nos últimos anos como colectivo, é necesario reducir as re-teos de alumnado por aula e facilitar os desdobres e as aulas de reforzo.

Con todo, desde a CIG Ensino seguimos a denunciar que as vacantes ofertadas non cobren as necesidades do sistema educativo galego e que son numerosas as resultas non cubertas pola administración, amortizacións encubertas e moitas delas só cun afán economicista que inciden nos recortes de profesorado que vivimos na última década. En total temos contabilizada a perda de 3.000 docentes desde o ano 2010 no sistema educativo galego.

O compromiso da CIG Ensino mantense firme na necesidade de detectar calquera erro ou irregularidade e conseguir claustros máis estábeis e profesorado que acade o seu destino definitivo canto antes. Sabemos que hai compañeiros e compañeiras que levan máis de dez anos agardando por ese primeiro destino e seguiremos a loitar porque poidan obtelo por fin este ano.

Podedes ver o estudo completo das vacantes provisionais por corpo e especialidades na nosa páxina web: [cig-ensino.gal](http://cig-ensino.gal)

PES e PTFP			
Especialidade	Vacantes Provisionais CXT	Adx. Provisional	Diferenza
590001-Filosofía	12	25	13
590002-Grego	2	7	5
590003-Latín	10	8	-2
590004-Lingua Castelá e Literatura	34	38	4
590005-Xeografía e Historia	47	45	-2
590006-Matemáticas	81	110	29
590007-Física e Química	34	34	0
590008-Bioloxía e Xeoloxía	36	34	-2
590009-Debuxo	13	13	0
590010-Francés	19	27	8
590011-Inglés	46	60	14
590012-Alemán	1	1	0
590016-Música	3	13	10
590017-Educación Física	15	10	-5
590018-Orientación Educativa	36	36	0
590019-Tecnoloxía	10	10	0
590053-Lingua e Literatura Galega	58	64	6
590061-Economía	10	14	4
590101-Administración de Empresas	8	24	16
590102-Análise e Química Industrial	11	18	7
590103-Asesoría E Procesos De Imaxe Persoal	12	18	6
590104-Construcións civís e Edificación	2	0	-2
590105-Formación e Orientación Laboral	8	9	1
590106-Hostalaría e Turismo	8	18	10
590107-Informática	5	11	6
590108-Intervención Sociocomunitaria	5	6	1
590109-Navegación e instalacións Mariñas	2	2	0
590110-Organización E Xestión Comercial	15	17	2
590111-Organización e Procesos de Mantemento de Vehículos	9	8	-1
590112-Organización E Proxectos De Fabricación Mecánica	7	8	1
590013-Organización e Proxectos Sistemas Enerxéticos	11	11	0
590115-Procesos de Producción Agraria	1	1	0
590116-Procesos Na Industria Alimentaria	10	10	0
590117-Procesos de Diagnóstico Clínico e Productos Ortoprotés	4	4	0
590118-Procesos Sanitarios	9	13	4
590119-Procesos e Medios de Comunicación	7	7	0
590120-Procesos e produtos de téxtil, Confección e Pel	4	3	-1
590122-Procesos e produtos de Artes Gráficas	1	1	0
590123-Procesos e Produtos de Madeira e Moble	4	4	0
590124-Sistemas Electrónicos	2	4	2
590125-Sistemas Electrotécnicos E Automáticos	8	10	2
591021-Taller de vidro e cerámica	0	0	0
591030-Prácticas de protésico dental	0	0	0
591201-Cociña e Pastalaría	1	6	5
591202-Equipamentos Electrónicos	5	5	0
591203-Estética	11	17	6
591204-Fabricación e Instalación de Carpintería e Moble	1	1	0
591205-Instalación e Mantemento de Equipamentos Térmicos	8	8	0
591206-Instalacións Electrotécnicas	7	6	-1
591208-Laboratorio	8	22	14
591209-Mantemento de Vehículos	13	13	0
591210-Máquinas, servizos e produción	1	1	0
591211-Mecanizado e Mantemento de Máquinas	3	5	2
591212-Oficina de Proxectos de Construción	0	1	1
591214-Operacións e equipos de elaboración de produtos alim	8	8	0
591215-Operación de procesos	0	0	0
591216-Operacións de produción agraria	1	1	0
591217-591217-Patronaxe e confección	8	8	0
591218-Perrucaría	6	7	1
591219-Procedementos de Diagnóstico Clínico e Ortoprotésico	7	9	2
591220-Procedementos Sanitarios e Asistenciais	13	16	3
591221-Procesos comerciais	13	16	3
591222-Procesos de Xestión Administrativa	18	21	3
591223-Produción de artes gráficas	5	5	0
591225-Servizos á Comunidade	4	7	3
591226-Servizos de restauración	6	11	5
591227-Sistemas e Aplicacións Informáticas	4	7	3
591228-Soldadura	0	0	0
591229-Técnicas e procedementos de imaxe e son	10	10	0
591250-Audio Próteses	0	0	0
	781	967	186